

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 30 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00054141F.

Ratificación da urxencia da convocatoria
Ratifícase a urxencia.

2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00054141F.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de Contratación/subvencións.
Declárase a ausencia de conflitos de intereses.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00050861Q.

Aprobación do expediente de contratación da “Subministración e Implantación dunha nova estrutura de CPD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración e Implantación dunha nova estrutura de CPD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” cun orzamento base de licitación de 448.910,00 € (base imponible de 371.000,00 € máis IVE do 21% de 77.910,00 €) e abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 448.910,00 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6260001 (código de gasto: 2022 2 NGINF 11).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00041713E.

Aprobación do expediente de “Subministración e implantación dunha solución de xestión de facturas baseada nunha contorna web e migración do aplicativo de xestión contable do Concello de Santiago de Compostela á mesma contorna web, integrando ambas solucións a nivel operativo e ubicándoas nun único servidor dedicado”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da Subministración e implantación dunha solución de xestión de facturas baseada nunha contorna web e migración do aplicativo de xestión contable do Concello de Santiago de Compostela á mesma contorna web, integrando ambas solucións a nivel operativo e ubicándoas nun único servidor dedicado

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación

Terceiro: Aprobar o gasto total por importe de 130.576,22 euros (base imponible de 107.914,23 euros e IVE do 21% por importe de 22.661,99 euros) coa seguinte imputación:

Subministración e implantación solución xestión de facturas:

- Importe (IVE engadido): 86.345,60 €
- Aplicación orzamentaria: 030 92001 6410003
- Proxecto de Gasto: 2021 2 INFOR 11

Migración e adaptación aplicativo xestión contable:

- Importe (iva engadido): 44.230,62 €
- Aplicación orzamentaria: 030 92001 2270600

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031217Z.

Adxudicación do contrato do “Servizo de madrugadores e de comedor na rede de centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela 2022”, á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, SL.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto o “Servizo de madrugadores e de comedor na rede de centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela 2022”, á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE, SL, que ofertou os seguintes prezos unitarios:

ALMORZOS	Prezo unitario S/IVE	IVE	Prezo unitario total
Custo monitores	1,16 €	Exento	1,16 €
Custo materia prima e outros custos	0,84 €	0,08 €	0,92 €
Total	2,00 €	0,08 €	2,08 €

XANTARES	Prezo unitario S/IVE	IVE	Prezo unitario total
Custo monitores	3,48 €	Exento	3,48 €
Custo materia prima e outros custos	2,13 €	0,21 €	2,34 €
Total	5,61 €	0,21 €	5,82 €

Así mesmo comprométese a:

- ☐ Variedade dos menús
 - o Variedade dos menús do almorzo: Entre 14 e 20 almorzos diferentes.
 - o Variedade dos menús do xantar: 30 ou máis menús diferentes.
- ☐ Rotación de alimentos dentro de cada grupo
 - o Verdura (cociñada ou en crú) 1 ración/día, 5 diferentes á semana
 - o Legumes 3 diferentes/mes
 - o Carnes 5 diferentes/mes
 - o Peixes e moluscos 5 diferentes/mes, sendo 2 peixe azul
- ☐ Receitas diferentes en cada grupo/mes
 - o Mínimo de 7 receitas diferentes no grupo dos peixes e moluscos
 - o Mínimo de 7 receitas diferentes no grupo das carnes
 - o Mínimo de 7 receitas diferentes no grupo das verduras
- ☐ Procesos culinarios distintos empregados por grupo de alimento/mes
 - o Mínimo de 3 procesos distintos no grupo das verduras e hortalizas
 - o Mínimo de 4 procesos distintos nas patacas, pasta, arroz e legumes
 - o Mínimo de 3 procesos distintos no grupo das carnes

- o Mínimo de 3 procesos distintos no grupo do peixe
- o Ausencia de pratos precociñados
- o A froita é ofrecida ao menos 1 vez/semana como macedonia ou brochetas
- ☐ Distancia das cociñas centrais con respecto aos centros educativos:
- o De 0 a 25 km
- ☐ Implantación dun plan formativo do persoal adscrito a este servizo (monitorado e coordinadores/as de comedor) que se axustará ao requirido na cláusula 10.2.B).b) do prego de cláusulas administrativas.
- o Si
- ☐ Oferta de porcentaxe en relación coa totalidade de materia prima empregada de produto fresco, de tempada e da contorna:
- o Porcentaxe en relación coa totalidade de materia prima empregada de produto fresco Porcentaxe: 50%
- o Porcentaxe en relación coa totalidade de materia prima empregada, de produtos de produción de tempada: Porcentaxe: 70%
- o Porcentaxe en relación coa totalidade de materia prima empregada, de produtos da contorna: Porcentaxe: 70%
- ☐ Prestación do servizo empregando os medios materiais que menos danen ao medioambiente, de acordo coa cláusula 10.2.B).d) do prego de cláusulas administrativas.
- o Si

Desígnase como responsable do contrato a Directora do departamento de Educación, Beatriz Varela Morales conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 2.479.169,36 €, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32601 2279900 coa seguinte desagregación por anualidades:

DESAGREGACIÓN ORZAMENTARIA			
2022	2023	2024	TOTAL
275.463,26€	1.377.316,31 €	826.389,79 €	2.479.169,36 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne nos orzamentos.

6. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Convenio AMT.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a implantación de solucións no ámbito da ciberseguridade.

Apróbase o convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnoloxica de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a implantación de solucións no ámbito da ciberseguridade.

7. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00053701G.

Autorización para reproducir nunha publicación científica un plano do Plan Especial de Protección de Rehabilitación da Cidade Histórica.

Autorízase á editorial Springer- Verlag GmbH (DE-170864101) para publicar a reprodución do plano I.8.16.01 (Información urbanística e diagnóstico. Medio urbano. Usos) do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica PE-1 do Concello de Santiago de Compostela nunha publicación científica da que é autor don Miguel Pazos Otón.

A imaxe unicamente se poderá reproducir na publicación para a que se solicita. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.